



INFORMA

PROGRAMA ANUAL DE VACACIÓNS 2025

22 DÍAS HÁBILES — 15 ANOS DE SERVIZO: 23 — 20 ANOS: 24 — 25 ANOS: 25 — 30 ANOS: 26.

DESEFRUTE ATA O 31 DE XANEIRO DO ANO SEGUINTE.

En 2025, o plan de vacacións refírese exclusivamente ao período do 1.07.2025 ata o 30.09.2025. (Calquer funcionario pode solicitar as vacacións na “tempada B” -o resto do ano- sen limitacións).

PRAZOS DE SOLICITUDES ATA O VENRES 6-6-2025

A concesión das vacacións estará **condicionada ao respecto das porcentaxes de permanencia**, que serán: Deberá permanecer na unidade ou servizo, como mínimo, o 50% do cadro de persoal. No mes de agosto a porcentaxe de permanencia mínima será do 33%, agás nos rexistros civís exclusivos da Coruña e de Vigo, onde a permanencia mínima durante o mes de agosto será do 50%.

Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes de vacacións para o ano 2025 é anterior ao 1.7.2025, data na que entrarán en funcionamento as unidades da Fase I da implantación da nova oficina xudicial, **tómanse como referencia os centros de traballo vixentes na data da aprobación do programa anual de vacacións 2025 e se aplicarán as porcentaxes de permanencia establecidas neste programa para cada un deles, sen prexuízo da posibilidade de modificación que, por necesidades do servizo, teñan que realizarse para garantir a permanencia nas oficinas xerais do rexistro civil.**

BAREMO

Aplícase unicamente en caso de concorrencia temporal e a pedimento do interesado:

1. Mulleres xestantes
2. Persoal con fillos < 12 anos ou persoas dependentes ao seu coidado
3. Persoal que non exercese a preferencia neste exercicio ou no anterior
4. Antigüidade na Admón. de Xustiza, computada desde o nomeamento
5. O Escalafón
6. Antigüidade na unidade de destino

En caso de concorrencia co permiso de asuntos particulares, terá sempre preferencia o gozo das vacacións.

As solicitudes tramitaranse obrigatoriamente a través da OPAX e asinaranse electronicamente, pasando a estar dispoñibles para o seu informe e validación, e posterior resolución pola Delegación correspondente.

Aprobados os plans de vacacións de cada centro de traballo o persoal funcionario, no ámbito de cada unidade da oficina xudicial, poderá por unha soa vez: 1. Renunciar ao período concedido comunicándoo polo menos con cinco días de antelación ao inicio deste. 2. Permutar voluntariamente, dentro dunha mesma unidade ou servizo, os períodos de vacacións concedidos. 3. Solicitar o cambio das vacacións concedidas por outras do mesmo período, aínda con distinta duración.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 – Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Bloque <http://spjusogalicia.com>



INFORMA

PERMANENCIA: Deberá permanecer na unidade ou servizo, como mínimo, o 50% do cadro de persoal. No mes de agosto a porcentaxe de permanencia mínima será do 33%, agás nos rexistros civís exclusivos da Coruña e de Vigo, onde a permanencia mínima durante o mes de agosto será do 50%. A estes efectos teranse en conta os destinos os destinos actuais (xulgados) e non os futuros Tribunais de Instancia.

REQUISITOS

- A concesión estará condicionada ao respecto das porcentaxes de permanencia fixadas.
- Sen prexuízo do anterior, **manterase a presenza dun/dunha funcionario/a de cada corpo, dentro dos especificamente destinados no centro de traballo, agás naqueles centros que xa posúan menos de 2 funcionarios/as de cada corpo. Nestes últimos deberán establecerse as correspondentes quendas.**
- En todo caso, o persoal integrante ou que deba integrar as quendas dos servizos de garda non poderá solicitar o gozo das vacacións se no expresado período ten que prestar este servizo.
- Considéranse centros de traballo para os efectos deste programa cada sala do TSXG, sección das AP, xulgado, servizo común ou outro da Administración de Xustiza.
- Como excepción, respecto de órganos dotados cunha soa praza de auxilio xudicial, considéranse centro de traballo todos os xulgados da mesma orde xurisdiccional dunha localidade. Tamén se aplica esta excepción respecto dos funcionarios de auxilio das vilas con 2 ou máis xulgados mixtos.

TRALO ESCRITO/DENUNCIA PRESENTADOA POR SPJ-USO, O PROGRAMA ANUAL PUBLICARASE NA SEMANA DO 26 DE MAIO, TRALAS ALEGACIÓNS DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS, E LOGO DA PUBLICACIÓN ABRIRASE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



SPJ-USO: Sindicato maioritario na Xustiza galega

FEITOS, non palabras!!!

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 – Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Blogue <http://spjusogalicia.com>